



RETOS DA CULTURA POSCOVID

Deputación de Pontevedra

10 de febreiro. Castelo de Soutomaior

Sostibilidade, Ruralidades, Feminismo e Redes Colaborativas

Durante case xa dous anos de pandemia, tempo no que a cultura foi refuxio e oxíxeno para toda a sociedade, este sector profesional amosou excelencia; foi exemplar na súa adaptación, flexibilidade e responsabilidade, e puxo as persoas no centro da súa programación e xestión. Mais tamén navegou por mares de profunda incerteza e desamparo en moitos momentos.

Por todo isto nace esta xornada profesional, este encontro para a reflexión conxunta, para compartir experiencias e buscar novas formas de afrontar as problemáticas presentes e futuras do sector.

A Deputación de Pontevedra e a Asociación Galega de Profesionais de Xestión Cultural (AGPXC) promoven “Retos da cultura poscovid”, unha cita ineludible que porá en contacto diferentes profesionais do sector cultural, tanto de entidades públicas coma privadas, ademais do tecido asociativo e as e os emprendedores de toda Galicia, especialmente da nosa provincia.

Defender os intereses e os dereitos das persoas que traballan neste sector, garantir a accesibilidade á cultura en todo o territorio, promover a sostibilidade e a igualdade de oportunidades, contribuír á profesionalización do sector a través da formación e da reflexión, así como fomentar a participación na cultura de todas e todos, son algúns dos obxectivos compartidos na acción cultural entre a Deputación de Pontevedra e AGPXC.

Deste xeito, ambas as entidades entenden que o punto de inflexión que supón a pandemia abre novos desafíos que afrontar para buscar e articular alternativas para o sector cultural. Así, neste encontro participan profesionais e móstranse exemplos inspiradores da provincia, entendendo que Pontevedra é un territorio cun alto potencial cultural que pretendemos visibilizar e poñer en valor.

**#RetosDaCulturaPoscovid #Sostibilidade #Feminismo
#Ruralidades #RedesColaborativas #XestiónCultural**

RETOS DA CULTURA POSCOVID

De 9:30 a 9:50 h Apertura institucional

Carmela Silva, presidenta da Deputación de Pontevedra

Pilar Portela, presidenta da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC)

De 10:00 a 10:45 h Conferencia marco "Retos da cultura poscovid"

Benito Burgos, coordinador de Cultura e Cidadanía. Subdirección Xeral de Cooperación Cultural coas Comunidades Autónomas, Ministerio de Cultura e Deporte

De 11:00 a 12:15 h "Retos de futuro da xestión cultural na provincia de Pontevedra"

Alfonso Pato, director do Festival de Cans

Marián Rodríguez, socia fundadora e responsable de comunicación de O Cable Inglés, Cooperativa Cultural

Paula Cabaleiro, directora de Cultura da Deputación de Pontevedra

Marta Núñez, técnica de actividades culturais e educativas do Concello de Vigo

Presenta: **Jorge Linheira**, Xefe de Servizo de infraestruturas culturais do Concello de Pontevedra

De 12:30 a 13:30 h Proxectos inspiradores na provincia de Pontevedra

Colección de libros **Defensoras de Dereitos**, con **Helena Capera**, responsable das áreas de Comunicación e Sensibilización da Coordinadora Galega de ONGD

Somos Terra, con **Eva López**, socia da cooperativa

A Casa Colorida, con **Silvia Villar**, activista, xestora e investigadora no ámbito sociocultural

Achegando Culturas, con **Mar García**, programadora da Biblioteca Pública Xoás Neira Vilas

Presenta: **Clara Rodríguez**, socia e traballadora de 7H Cooperativa Cultural

De 13:35 a 14:00 h Peche e conclusións

Pilar Portela, presidenta da AGPXC

Carmela Silva, presidenta da Deputación de Pontevedra

Presenta: **Carlos Lorenzo**, secretario da AGPXC



Benito Burgos

Coordinador de Cultura e Cidadanía. Subdirección Xeral de Cooperación Cultural coas Comunidades Autónomas. Ministerio de Cultura e Deporte

Xestor e investigador cultural e conservador de museos do Ministerio de Cultura e Deporte, con experiencia en diversos ámbitos: patrimonio cultural, museos e exposicións, cultura contemporánea, artes visuais e audiovisuais, e cooperación nacional e internacional. É licenciado en Dereito e en Ciencias Económicas e Empresariais e conta con estudos en Historia da Arte. Ocupou diversos postos na Dirección Xeral de Belas Artes, no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía e no Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais; así mesmo, colaborou con diversas organizacións internacionais coma a Unesco, a Comisión Europea, o Consello Europeo e o Consello de Europa. Actualmente desenvolve a súa actividade profesional na Dirección Xeral de Industrias Culturais, Propiedade Intelectual e Cooperación, onde dirixe e coordina o programa

"Cultura y ciudadanía" é un proxecto multidireccional que defende unha visión social, participativa, crítica e transformadora da cultura incluído dentro do subprograma "Cultura y ruralidades", que aposta pola cultura, polo pensamento e polas artes como dispositivos para reimaxinar, transformar e dinamizar os nosos espazos rurais. Recentemente dirixiu e coordinou as publicacións *Pensar y hacer en el medio rural. Prácticas culturales en el medio rural* (Ministerio de Cultura e Deporte, 2020) e o monográfico "De lo público al bien común: emergencia de otros modelos de gestión del patrimonio cultural", incluído na revista *PH101* (Instituto Andaluz do Patrimonio Histórico, 2020).



Alfonso Pato

Director do Festival de Cans

Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela(USC), desde hai máis de tres décadas traballa en diversos medios de comunicación coma TVG, TVE, *El País* e, máis recentemente, en *elDiario.es*, sempre no ámbito do xornalismo cultural.

Desde 2004 dirixe o Festival de Cans, do que foi tamén un dos seus cocreadores. A experiencia de Cans converteuno nun coñecedor privilexiado da xestión cultural no ámbito rural, centrada na coparticipación e na implantación no territorio. Participou como relator en foros de cultura e mundo rural na Universidade Sorbona Nova, tamén coñecida como París 3, na Universidade de Deusto e en festivais en Portugal, Bretaña, Holanda ou Croacia, así como en diversos encontros en Asturias, Estremadura, Aragón e no encontro Cultura y Ciudadanía, organizado polo Ministerio de Cultura en Madrid en 2019.



Marián Rodríguez

Socia fundadora e responsable de comunicación de O Cable Inglés, Cooperativa Cultural

A súa traxectoria profesional estivo vinculada nun primeiro momento ao traballo xornalístico en distintos medios de comunicación e gabinetes de prensa, e implementou plans de comunicación de proxectos culturais e sociais para institucións, empresas e entidades culturais e deportivas. Posteriormente, centrouse na dirección e guionización de programas de televisión, series de ficción, documentais e curtametraxes. En 2012 puxo en marcha con outras dúas socias O Cable Inglés, Cooperativa Cultural, onde traballa como responsable de comunicación e é directora de proxectos.



Paula Cabaleiro

Directora de Cultura da Deputación de Pontevedra

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo (UVigo), cun máster en Arte, Museoloxía e Críticas Contemporáneas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e polo Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) e cun máster en Educación pola UVigo, é xestora cultural e comisaria de exposicións e desde 2020, directora de Cultura da Deputación de Pontevedra. Moi implicada coa igualdade, desde 2015 é comisaria do programa "Mulleres en acción. Violencia zero" de esta Administración. Ademais, é membro da Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega e forma parte da Xunta Directiva dos Premios da Crítica de Galicia. Foi comisaria do Espazo de Arte da feira Cultural ata 2019 e directora do Museo de Arte Moderna Florencio de la Fuente en Huete (Cuenca) entre 2015 e 2020. Coordinou múltiples proxectos culturais en institucións de toda Galicia e de fóra dela, e foi relatora en congresos, seminarios e cursos en diferentes entidades públicas e privadas de España e Portugal.



Marta Núñez

Técnica de actividades culturais e educativas do Concello de Vigo

Licenciada en Socioloxía pola Universidade da Coruña, posteriormente cursou Ciencias Políticas e da Administración na Universidade de Educación a Distancia (UNED). Funcionaria do Concello de Vigo, traballa na Área de Cultura desta Administración desde 2000 como técnica de actividades culturais e educativas, na que desenvolveu programas culturais coma Vigo a Escena, o Festival Internacional de Jazz ImaxinaSons, o Festival de Música Are More ou o Festival de Música Sacra de Vigo, entre outros. Na actualidade é responsable da programación municipal de artes escénicas Vigocultura.



Jorge Linheira

Xefe de Servizo de infraestruturas culturais do Concello de Pontevedra

É o xefe do Servizo de Infraestruturas Culturais do Concello de Pontevedra. Anteriormente foi técnico do Centro de Interpretación do Patrimonio da Aula da Ría do Concello de Paderne [paraíso entre ríos], e traballador autónomo do precario ecosistema cultural de Galicia. Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), cun máster en Recursos Humanos pola USC e outro en Xestión Cultural pola Universidade de Valencia. É autor do libro *La cultura como reserva india, treinta y seis años de políticas no culturales en Galicia*, investigou sobre as políticas culturais da Deputación da Coruña e colaborou coa revista *Luzes* e con *Praza.gal*.

Colección de libros

"Defensoras de Dereitos"



Presenta: Helena Capera. Responsable das áreas de Comunicación e Sensibilización da Coordinadora Galega de ONGD

"Defensoras de Dereitos" está formada por unha colección de cinco títulos que narran as historias de vida e loita de cinco mulleres defensoras de dereitos humanos de Guatemala, Honduras, México, O Salvador e Nicaragua. Os libros están escritos por Lara Dopazo Ruibal e as ilustracións son obra de Marta Conde (Galicia) e Rotmlnas (México).



Somos Terra

Presenta: Eva López. Socia da cooperativa

Somos Terra é unha cooperativa galega que ten por obxectivo educar, sensibilizar e implicar os diferentes axentes da sociedade para activar a sostibilidade no territorio. Traballa por impulsar a transformación socioecolóxica na realidade local a través de proxectos dirixidos á cooperación local e á participación social.



A Casa Colorida

Presenta: Silvia Villar. Activista, xestora e investigadora no ámbito sociocultural

A Casa Colorida é un proceso de desenvolvemento de proxectos socioculturais e cultura libre facilitados por unha organización colectiva autónoma, autoxestionada e horizontal que sistematiza e comunica a través de ferramentas de *software* libre para o COMÚN todo o proceso dun xeito transparente e de acceso libre.



Achegando Culturas

Presenta: Mar García. Programadora da Biblioteca Pública Xosé Neira Vilas

Achegando Culturas é o proxecto social que a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas de Vigo e o dispositivo da Fundación Secretariado Gitano desta cidade realizan desde 2012. Estas entidades traballan para fomentar a lectura, a integración e a diversidade social entre o colectivo xitano da nosa comunidade.



Clara Rodríguez

Socia e traballadora de 7H Cooperativa Cultural

Licenciouse en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 2006, é doctoranda especializada en Arte Contemporánea, Educación e Xénero (Diploma de Estudos Avanzados, USC, 2009) e conta cun máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas (USC e Centro Galego de Arte Contemporánea, 2009). Ademais, desde 2008 desenvolve proxectos propios no ámbito do comisariado participativo e da xestión cultural e desde 2015 é socia e traballadora de 7H Cooperativa Cultural.



Carlos Lorenzo

Secretario da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC)

Xestor cultural que exerce como técnico de Cultura do Concello de Carral desde 1995. Comezou no ámbito da radiodifusión como responsable da programación musical de Radio Culleredo. Socio fundador e xerente de Inicia Consultoría e Xestión, colaborou con entidades non lucrativas como consultor cultural entre 2005 e 2013. Como fotógrafo expuxo nunha vintena de salas galegas e publicou catro libros. No ámbito audiovisual ten experiencia como guionista e en traballos de produción. É director e produtor do documental *Vértice de versos*, dedicado ás xeracións de poetas de Galicia dos noventa e do que levamos de século XXI.



Pilar Portela

Presidenta da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC)

Licenciada en Económicas, MBA polo Instituto de Empresa e máster en Administración Local pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Foi directora-xerente do Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra. Presidenta da AGPXC, vogal da Federación Estatal de Asociacións de Profesionais da Xestión Cultural (FEAGC) e membro da comisión de profesionalización; ademais, foi vogal da Rede Española de Teatros e membro da comisión artística da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA).



#XestiónCultural #DeputacióndePontevedra #Axenda2030

www.depo.gal